

DECRETO

Excmo. Sr. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 5/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO MANTENIMENTO DO ACTUAL CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING SEN OPCIÓN DE COMPRA, DE TRES VEHÍCULOS HÍBRIDOS PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL, MENTRES NON SE FORMALIZA A ADXUDICACIÓN DO NOVO PREGO PARA A SUBMINISTRACIÓN, MEDIANTE A MESMA MODALIDADE, DE SEIS VEHÍCULOS PATRULLA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 5/2026, por un importe total de **19.648,66 €** dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do mantemento do actual contrato de subministración, mediante a modalidade de renting sen opción de compra, de tres vehículos híbridos patrulla para a Policía Local, mentres non se formaliza a adxudicación do novo prego para a subministración, mediante a mesma modalidade, de seis vehículos patrulla.

Visto o informe do Inspector principal da Policía Local, don José Manuel Ríó Espiño, no que se comunica a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral Municipal prorrogado para o exercicio 2026 para dar cobertura ao mencionado gasto, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, derivadas da existencia de 2 prazas de policía local incluídas na OEP 2025, en situación de vacante á data actual (importe correspondente á soldo, complemento de destino e complemento específico de tres mensualidades).

Vista a proposta do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez, do día 03.03.2026, de solicitude da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 19.648,66 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do mantemento do actual contrato de subministración, mediante a modalidade de renting sen opción de compra, de tres vehículos híbridos patrulla para a Policía Local, mentres non se formaliza a adxudicación do novo prego para a subministración, mediante a mesma modalidade, de seis vehículos patrulla.

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2026/303, do 04.03.2026, así como os RCMOD Ref.: 10022/2026, por importe de 6.516,50 €,

INTERVENCIÓN

LVP/arm

Refª: ispac8236372407549378922.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 5/2026 renting coches patrulla

Ref.: 10023/2026, por importe de 3.776,48 € e Ref.: 10024/2026, por importe de 9.355,68 €, o que fai un importe total de 19.648,66 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 19.648,66 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
13200.12003	6.516,50 €	13200.20400	19.648,66 €
13200.12100	3.776,48 €		
13200.12101	9.355,68 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	19.648,66 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	19.648,66 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.